



**O goberno cede vergonzosamente ás presións da CEOE e a banca
Non ó plan de axuste, basta de ataques ós traballadores e os pensionistas!**



CCOO e UXT deben convocar xa unha folga xeral

Zapatero anunciou o 12 de abril, no congreso, un plan de axuste salvaxe que rompe de forma clara e evidente coas súas declaracións de que a crise non a ían a pagar os traballadores e de que non se ía a tocar o gasto social. Cedendo ás esixencias da banca e a CEOE, o goberno presentou unha batería de medidas que inclúen:

- Rebaixa dun 5% do soldo ós empregados públicos para este ano e conxelación para o ano que vén.
- Conxelación das pensións (excepto as mínimas e as non contributivas) en 2011, que volverán perder poder adquisitivo.
- Supresión da axuda de 2.500 euros ás familias por cada novo nacemento
- Redución do investimento público estatal en 6.450 millóns de euros, ó que haberá que sumar un recorte de 1.200 millóns de euros que terán que asumir as Comunidades Autónomas e os Concellos.
- Recorte das prestacións de lei da Dependencia, ó suprimirse o pago da cantidade pendente desde que se fixo a petición.
- Restricción ó acceso a medicamentos subvencionados, empregando subterfuxios como “adaptalo ás necesidades reais dos pacientes” ou estandarizar o tratamento “de acordo ás indicacións da comunidade científica”.

Medidas nada “equitativas”, mentres os banqueiros e os empresarios seguen sumando beneficios

Presentar estas medidas como “equitativas” é un insulto á intelixencia. Os principais responsables da crise capitalista, os banqueiros e os grandes empresarios (a ambos hai que incluílos entre os principais especuladores), non saen para nada afectados por este plan de axuste. Nestes momentos, a terceira partida máis importante dos orzamentos xerais do Estado é a destinada a pagar os intereses da débeda, 23.224 millóns de euros que irán parar fundamentalmente á gran banca. Os grandes accionistas e especuladores, que foron precisamente os causantes da crise, beneficiáronse dos distintos rescates multimillonarios con fondos públicos aprobados nos últimos anos. Esta é a auténtica causa do aumento da débeda e do déficit orzamentario, non o gasto social, que agora se pretende atacar en detrimento das familias obreiras.

Aplicanse medidas de axuste contra os traballadores, os parados e os pensionistas, pero o goberno négase a aumentar os impostos ás grandes fortunas, que, segundo datos dos inspectores de facenda, defraudaron miles de millóns de euros en 2009. Cando os grandes capitais pagan impostos irrisorios do 1% mediante as SICAV, unha estafa aberta, descarada e consentida ó fisco.

A folga do sector público do 8 de xuño é un paso adiante para organizar unha gran folga xeral de 24 horas

CCOO e UXT anunciaron unha folga xeral do sector público para o día 8 de xuño como medida de resposta ós plans de axuste do goberno. Os traballadores do sector público son un dos sectores máis gravemente afectados e polo tanto a súa mobilización é necesaria. Con todo, este paso non pode ser en absoluto un substituto da folga xeral, por dúas razóns fundamentais: os plans de axuste afectan ó conxunto da clase obreira e só unha mobilización multitudinaria, masiva, xeral e continuada dos traballadores e da mocidade pode derrotar esta agresión sen precedentes.

Non podemos permitir que se introduza ningún tipo de fisura entre distintos sectores da clase obreira. Non podemos aceptar o argumento de que “ou se recorta o salario dos funcionarios ou se recortan as prestacións por desemprego” e o mellor xeito de que esta idea non cale é mobilizar ó conxunto dos traballadores. Ademais, hai que ter en conta que se van tomar máis medidas. De feito, algunhas xa se coñecen, como a suba do IVE ou a reforma laboral, que afectarán de cheo ós traballadores do sector privado. Hai que unificar a loita, non compartimentarlá.

A reacción da patronal e da banca foi aplaudir os recortes, e acto seguido aclararon que son completamente insuficientes e hai que ir máis lonxe. O déficit anual do Estado é de 120.000 millóns de euros. En dous anos, o déficit acumulado sería de 240.000 millóns. Para este período o goberno aprobou, de momento, un recorte de 20.000 millóns (5.000 millóns en xaneiro e 15.000 agora). Está claro que se o que quere o goberno é reducir o déficit ó 3% en 2012 “contentando ós mercados”, oa axustes non fixeron máis que comezar. Ademais, como os recortes de salarios e de investimento afundirán aínda máis a actividade económica, a recadación do Estado diminuírá e a presión sobre a redución do gasto social aumentará. A experiencia de Grecia, na que se aprobaron catro plans de axuste, é unha clara advertencia. Se os dirixentes sindicais de CCOO e UXT limitasen a resposta á folga do día 8 de xuño, estarían transmitindo unha clara mensaxe de debilidade ós capitalistas de que non están dispostos a loitar ata o final contra as medidas de axuste e iso sería un grave erro, moi perigoso para os intereses da clase obreira, incluíndo os traballadores do sector público.

Os argumentos contra a convocatoria dunha folga xeral, no sentido de que favorecerían á dereita, tampouco se sosteñen. De feito, estaría moi ben que os dirixentes de UXT e CCOO denunciasen en voz alta a demagogia da dereita e dixesen ben claramente que un goberno do PP, neste contexto de crise, sería un pesadelo aínda peor que a vivida no período de Aznar. En todo caso, é a política de contrarreformas do goberno o que favorece politicamente as aspiracións do PP de recuperar o poder dentro de dous anos. Unha folga xeral ben organizada, na que se esixa e se obrigue ó goberno a dar un xiro á esquerda na súa política, empezando por retirar os plans de axuste e continuando por cortar o fluxo de diñeiro público a banqueiros e empresarios tería un efecto electrizan-

te na clase obreira, favorecendo a súa participación política en todos os terreos, incluído o electoral. Unha perspectiva clara de loita e unha plataforma reivindicativa clara e xusta sería o mellor xeito de evitar a volta do PP ó goberno.

Efectivamente, un punto central desta loita é romper coa idea central do goberno de que “non lle queda máis remedio” que tomar estas medidas, de que non “non hai outra alternativa”. De feito, este plan non vai resolver a crise, non vai crear emprego, non vai beneficiar baixo ningún concepto á maioría da sociedade, non é, polo tanto, ningunha alternativa para a clase obreira. O único obxectivo deste plan é garantir que a banca e os empresarios sigan apoiándose na muleta do Estado para facer os seus negocios.

Por suposto que o goberno foi presionado brutalmente pola banca internacional, pola UE, polo FMI, polos gobernos europeos, pola patronal, pola dereita para que poña en marcha estes plans de axuste. Pero no canto de aceptar os plans impostos polos capitalistas e atacar á súa base social, Zapatero ten a posibilidade de enfrontarse a estas presións baseándose na tremenda forza da clase obreira, esa mesma forza que a clase obreira utilizou para desalojar o PP e que lle levou ó goberno.

A clase obreira é forte! Pódense parar os plans impostos polos capitalistas! A chave de toda a situación está en mans dos dirixentes de CCOO e UXT. É necesaria unha resposta contundente xa, coa convocatoria dunha folga xeral que debería ter como puntos fundamentais:

- **Non ós plans de axuste contra a clase obreira. Que a crise a paguen os culpables: os capitalistas.**
- **Ningún recorte en salarios, sanidade, educación, pensións, servizos sociais e investimento en infraestruturas.**
- **Non á reforma laboral.**
- **Subsidio de desemprego indefinido equivalente a un SMI de 1.100 euros ata atopar traballo.**
- **Incremento drástico dos impostos ás grandes fortunas e ós beneficios empresariais e á banca. Ante o menor síntoma de fuga de capitais, confiscación dos patrimonios e das contas dos ricos.**
- **Suspensión do pago da débeda do Estado ós grandes especuladores.**
- **Nacionalización da banca baixo o control democrático dos traballadores e as súas organizacións.**
- **Os sindicatos de clase deben organizar a coordinación e confluencia da loita dos traballadores de toda Europa, empezando polos gregos, coa preparación dunha folga xeral europea.**
- **Nacionalización de todas as empresas en crise baixo control obreiro.**
- **Inicio dun plan económico para crear emprego (investimentos en infraestruturas, servizos sociais e outras industrias) non baseado nos intereses dos capitalistas senón nos intereses da maioría.**

Únete á Corrente Marxista EL MILITANTE!

— **www.elmilitante.net • elmilitante@elmilitante.net** —